

Instrución 11/2024 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación en relación ás axudas viventes da etapa predoutoral e de formación posdoutoral con estadias de investigación previstas ou en proceso de realización.

As convocatorias de formación predoutoral e posdoutoral xestionadas pola Secretaría Xeral de Universidades e pola Axencia Galega de Innovación, regulan entre os seus conceptos subvencionables, entre outros, o financiamento do contrato laboral e un complemento para o financiamento das estadias de xeito diferenciado.

Este complemento de estadias ten por obxecto compensar os gastos de locomoción, manutención e vivenda derivados das estadias no estranxeiro e ten a natureza de excepción aos rendementos íntegros do traballo, cos límites que regulamentariamente se establezan, regulados no artigo 17.1.d da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Polo tanto, o tratamento fiscal a efectos do IRPF que debe darse ao complemento das estadias no estranxeiro por parte das entidades empregadoras debe acomodarse ao disposto no mencionado artigo, tal e como preceptúa a lei.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O secretario xeral de Universidades

A directora da Axencia Galega de Innovación

José Alberto Díez de Castro

Carmen Cotelo Queijo

